


**GAIÁS**  
CIDADE DA  
CULTURA

# Verán no Gaiás 2019

XUNTA DE GALICIA





# Gaiás, Cidade da Cultura de Galicia



A Cidade da Cultura preséntase como un punto de conexión de Galicia co resto do mundo e un motor para impulsar proxectos culturais innovadores. Construída no cumio do Gaiás, un dos montes que rodean Santiago de Compostela, o arquitecto norteamericano Peter Eisenman deseñou esta “cidade” que semella xurdir da terra para erixirse como unha icona da Galicia contemporánea, dialogando coa Compostela milenaria, Patrimonio da Humanidade e destino do Camiño de Santiago.

Este espazo, destinado á cultura, ao emprendemento e á tecnoloxía, acolle catro institucións culturais:

**Museo Centro Gaiás.** A súa beleza e flexibilidade convérteno no espazo perfecto para acoller exposicións de gran dimensión, eventos culturais e espectáculos de artes escénicas. É o centro cultural e artístico da Cidade da Cultura.

**Biblioteca e Arquivo de Galicia.** Preservan a memoria bibliográfica e documental da comunidade e actúan como cabeceiras da rede pública de bibliotecas e arquivos.

**Centro de Emprendemento Creativo.** Acolle a Axencia Galega de Industrias Culturais (AGADIC), que impulsa o tecido empresarial no sector cultural, un espazo de *coworking*, un viveiro de empresas e unha área de empresas TIC.

**Centro de Innovación Cultural (CINC).** É sede da Fundación Cidade da Cultura e da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, que aglutina os servizos tecnolóxicos da Administración galega.

**Espazos naturais.** O Bosque de Galicia, o Xardín Literario, o Xardín do Teatro e o Parque do Lago son os espazos verdes cos que conta o Gaiás. Lugares nos que gozar da natureza, descansar, practicar deporte e hábitos de vida saudables a través da súa rede de sendas e admirar novas caras da cidade de Compostela.

# Verán no Gaiás 2019



**Verán no Gaiás 2019** vai espremer as xornadas de estío cunha oferta cultural de 100 actividades, coas que se tirará proveito da vantaxe que dan estes días longos sen fin e coas que se prevé despertar o interese de máis de 50.000 persoas.

Deste xeito, a Cidade da Cultura presenta unha programación que abrangue case todas as franxas horarias e tamén case todos os tramos de idade:

- ♦ **Cativada:** coas exitosas acampadas no Bosque de Galicia (nas que participaron o ano pasado máis dun cento de rapaces e rapazas); coa exposición interactiva *Ludantia*; ou cos dous novos campamentos urbanos de verán con obradoiros temáticos ao redor das exposicións *Pensar coas mans*, *Cestería*, *cerámica e xoiería de Galicia* e *Valor e mestría. Galicia como fútbol*.

- ♦ **Público familiar:** con Cidade Imaxinaria Verán (con máis de 7.000 persoas na edición desta primavera) ou coas descubertas do ceo do Gaiás de *As Astronómicas* (cun milleiro de participantes no 2018 e que sempre esgotan o cento de prazas por quenda, un total de dez neste verán).

- ♦ **Público xuvenil:** cos concertos ao aire libre de *Atardecer no Gaiás*. Este ciclo está a servir de altafalante a estilos cada vez máis emerxentes (flamenco pop ou trap) e que rexistrou no verán pasado a cifra récord de máis de 16.000 asistentes. Un número de participantes que se pretende consolidar coas 20 actuacións programadas para este 2019.

- ♦ **Público adulto** que procura plans máis sosegados, como *As Nocturnas*. Estas visitas fóra do horario habitual ás mostras do Museo Centro Gaiás rematan con conversas informais e distendidas ao redor dun viño, petiscos e música ao vivo. Unha experiencia case exclusiva porque as prazas son limitadas e sempre se cobren.

Trátase, en definitiva, dunha programación que tira o máximo proveito da Cidade da Cultura, tanto da súa arte —con actividades culturais e para todos os públicos ao redor das dúas mostras vixentes— como das súas zonas naturais (acampadas, andainas ou o ciclo de intervencións paisaxísticas *Reb/veladas na paisaxe*).

Preséntase unha oferta pensada, na súa meirande parte, para celebrarse ao aire libre (como os concertos de *Atardecer no Gaiás*, *Camiño ao Gaiás*, *Unha noite no Bosque*, *Cidade Imaxinaria* ou *Astronómicas*) e espremer o bo tempo do estío, que soe ser o que presta nesta época.

As previsións de asistencia e participación son as de superar as preto de 50.000 persoas alcanzadas no *Verán no Gaiás* de 2018, xa que este ano contamos con máis actividade: 100 fronte ás 70 da edición pasada.



# Actividades

## **Os Resentidos (Día da Música)**

21 de xuño – 21 h  
Praza Central  
Entrada de balde

## **Gaiás secreto**

Sábados de xuño e setembro  
Todos os xoves, venres e sábados de xullo e agosto  
11.30 h  
Con entrada

## **Obradoiros de cestería en Pensar coas mans**

22 e 23 de xuño e 29 e 30 de xuño  
12 e 17 h  
Museo Centro Gaiás (Andar 1)  
Con inscrición

## **Serán'02. II Encontro de cultura popular: Bandas de música**

28, 29 e 30 de xuño  
Cidade da Cultura  
Entrada libre e de balde

## **Marker Faire Galicia**

Feira de inventores e creadores  
Do 3 ao 7 de xullo  
Museo Gaiás e CINC

## **Campamento urbano Valor e mestría**

Do 8 ao 12 de xullo  
Actividades para a cativada ao redor do fútbol en Galicia  
Con entrada

## **Campamento urbano Pensar coas mans**

Do 15 ao 19 de xullo  
Actividades para a cativada ao redor da artesanía  
Con entrada

## **Atardecer no Gaiás**

20 concertos todos os xoves, venres e sábados do 4 de xullo ao 17 de agosto\* (excepto xoves 25 de xullo) | 21 horas  
Praza central | Entrada de balde

## **Camiño ao Gaiás**

**Andainas diúrnas**  
4 e 18 de xullo, 8 e 22 de agosto e 5 e 12 de setembro  
De 19 a 20 h

**Andainas nocturnas**  
11 de xullo e 1 de agosto  
De 22.30 a 00h  
De balde con inscrición

## **Unha noite no Bosque**

Acampadas para a cativada  
5, 12, 19 e 26 de xullo  
Con entrada

## **Astronómicas**

Coñecer o ceo nocturno desde o Gaiás coa colaboración do Observatorio Astronómico Ramón María Aller  
6, 19, 20 e 27 de xullo | 2, 3, 10, 24 e 31 de agosto | 7 de setembro  
De balde con inscrición

## **IV Festival de Bandas infantís e xuvenís de Galicia**

14 de xullo  
De 11 a 20 horas  
Museo Centro Gaiás

## **Nocturnas**

Visitas comentadas á noite con música e petiscos  
Agosto e setembro  
21 horas | Museo Centro Gaiás  
Con entrada

## **Plástico a mareas**

Ata o 18 de agosto  
Intervención artística de María José Arceo nas Torres Hejduk  
Entrada libre e de balde

## **Cidade Imaxinaria Verán**

24 de agosto  
De 16 a 20 horas  
Entrada libre e de balde

## **Encontro de Artistas Novos (EAN)**

Residencia de artistas emerxentes  
Do 25 ao 29 de agosto  
Museo Centro Gaiás

## **Stay Here**

Instalación artística de Alejandro Ginés  
Do 29 de agosto ao 15 de decembro  
Torres Hejduk

## **Valor e mestría. Galicia como fútbol**

Exposición ata o 1 de setembro  
Museo Centro Gaiás (Andar 2)  
Entrada de balde con visitas comentadas

## **Pensar coas mans. Cestería, cerámica e xoiería de Galicia**

Exposición ata o 8 de setembro  
Museo Centro Gaiás (Andar 1)  
Entrada de balde con visitas comentadas

## **Proxecto Terra. Expo Activa Ludantia**

Mostra interactiva e de enxeño para a cativada  
Do 12 de setembro ao 15 de decembro  
Museo Centro Gaiás

## **II Reb/veladas na paisaxe**

Intervencións artísticas nos espazos naturais do Gaiás  
Do 19 de setembro de 2019 ao 5 de xaneiro de 2020

Esta programación pode estar suxeita a cambios non previstos no momento desta comunicación/publicación

# Dez cousas que debes saber de *Verán no Gaiás*



**1. Cen actividades diferentes,** fronte ás preto de 70 do verán pasado: Espallaranse entre o 21 de xuño (botando a andar co concerto de Os Resentidos para festexar o Día da Música) ata finais de setembro, mes onde se porán en marcha accións que servirán de ponte coas novas actividades de outono; como a segunda edición do ciclo de intervencións paisaxísticas *Reb/veladas na paisaxe*, comisariada sempre por mulleres e que se inaugura o 19 de setembro e se clausura en xaneiro de 2020.

## **2. Máis de 50.000**

**asistentes:** Esta é a cifra que se procura alcanzar coa oferta de contidos. Cómpre salientar que estes 50.000 serán os participantes nas actividades e non a previsión de turistas e visitantes que pretendemos que se acheguen no verán á Cidade da Cultura, xa que se prevé unha cifra moito máis alta. Neste senso, hai que ter en conta que nos meses de verán de 2018 se rexistraron 175.000 visitantes ao complexo do Gaiás.



**3. Programación do Xacobeo 21:** Este Verán no Gaiás xa conta motores para o Xacobeo 2021 con actividades que abren as portas a esta importante celebración. Deste xeito, a residencia internacional de creadores emerxentes *Encontro de Artistas Novos* (EAN) e as intervencións artísticas *Reb/veladas na paisaxe* forman parte desta programación do Ano Santo 21.



**4. Programación innovadora, incorporación de campamentos urbanos de verán:** Actividades e obradoiros para que a cativada pase toda a mañá do 8 ao 19 de xullo experimentando, aprendendo, creando e divertíndose a redor das dúas exposicións do Museo Centro Gaiás: *Pensar cos mans. Cestería, cerámica e xoiería de Galicia* e *Valor e mestría. Galicia como fútbol*. Esta novidade na oferta da programación implica ter en conta un factor moi importante no verán: a conciliación familiar, ao tratarse dunha época sen clases. Estes campamentos están artellados ao redor de actividades vencelladas á arte e á cultura e non só ao mero entretemento.

**5. Ocio de calidade que promove a creatividade e fomenta valores:** Trátase dunha programación cultural que estimula a imaxinación e o gusto polas artes e pola cultura, xa desde as xeracións máis novas, como ocorre cos campamentos urbanos de verán. E tamén con accións que procuran espertar consciencias e sensibilidades como o respecto medioambiental, a través dun mellor coñecemento dos nosos bosques e do noso ceo coas andainas de *Camiño ao Gaiás*; coas acampadas para a rapazada de *Unha noite no Bosque*; ou coas descubertas para todos os públicos das *Astronómicas*. E, entre este tipo de accións, de sensibilización e coidado da contorna, inclúese intervencións tan comprometidas co noso litoral e fondos mariños como é *Plástico a mareas*, de María José Arceo nas Torres Hejduk.





**6. Atardecer no Gaiás.** Non pode configurarse un *Verán no Gaiás* sen este ciclo de concertos ao aire libre e no solpor. Un total de 20 concertos os xoves, venres e sábados desde o 4 de xullo ao 17 de agosto (excepto o 25 de xullo). Este ciclo continúa abrindo escenarios onde situar a bandas e artistas galegos (7 dos 20 programados) xunto a grupos internacionais (4) e nacionais (9).



**7. A diversidade de *Verán no Gaiás*.** Esta máxima guía unha programación que abrangue un abano de contidos, que van desde a creación contemporánea, como é *Encontro de Artistas Novos* á exploración de novos sons urbanos de *Atardecer no Gaiás*, mais tamén o apoio á cultura popular co *Serán'02* —no que tocarán cincocentos rapaces de bandas de música— e co *Certame de Bandas Infantís e Xuvenís*, que se move sempre ao redor dos 2.000 participantes.

**8. Programación participativa, construída coa implicación da sociedade.** Neste senso, salientar a contribución de institucións como a Fundación USC Deportiva, o Observatorio Astronómico 'Ramón María Aller', pero tamén de empresas patrocinadoras como o Banco Sabadell, Viaqua, Inaem ou Cervezas Alhambra. E, por suposto, as empresas incluídas no Fondo Gaiás da Empresa Galega.



**9. Programación conectada con maior número posible de públicos:** Trátase de que todos os galegos e galegas, de calquera idade, atopen unha actividade—motivación para achegarse á Cidade da Cultura: desde a cativada cos dous campamentos urbanos e *Unha noite no Bosque* ata o público adulto, que prefere un horario á noite como *As Nocturnas*.

**10. Entretenemento que aposta pola cultura.** *Verán no Gaiás* tamén crea espazos de diversión e distensión para todos os públicos, sen que iso supoña que a cultura quede relegada. Neste abano, salientar *Cidade Imaxinaria*, festival para toda a familia ao aire libre e que este ano celebrou xa unha primeira edición en primavera, con máis de 7.000 persoas; e *As Nocturnas*, neste caso xa para un público adulto. Trátase de visitas comentadas ás exposicións fóra do horario habitual (21 horas) con música, viño e petiscos sempre espertan un alto interese, esgotándose en todas as edicións as entradas, que son limitadas.

# Actividades

## DÍA DA MÚSICA

### Os Resentidos

**21 de xuño**

21 horas

Praza Central | Entrada de balde



A programación de *Verán no Gaiás 2019* arranca coa celebración do Día da Música e faíno coa mítica banda galega Os Resentidos, que teñen no seu haber un currículo de máis 30 anos de carreira musical, que lles deron para publicar sete LPs, un EP compartido con Siniestro Total, un recompilatorio e conseguir o fito de situar como gran *hit* en España un tema en galego, *Fai un sol de carallo*, nunha época (1986) en que eran moi poucos grupos en Galicia que cantaban no noso idioma.

Por este motivo, esta formación —enxerida na coñecida como a ‘movida viguesa’— converteuse nun referente para as novas xeracións de músicos do país e un dos grupos máis célebres fóra de Galicia, ata o punto de que *Fai un sol de carallo* foi un dos dous únicos discos en galego incluídos no libro *201 discos para engancharse al pop/rock español*, de Tito Lesende e Fernando Neira.

Críticos, inconformistas, irreverentes, indignados.... Así o recollen unhas letras radicais e comprometidas coa realidade do seu tempo, nas que se falaba da reconversión naval, do paro ou da crise dos sectores produtivos primarios de Galicia e que, moitas delas, manteñen a súa vixencia na actualidade e convertéronse en todo un himno para moitas xeracións.

## Gaiás secreto

**Sábados de xuño e setembro**

**Todos os xoves, venres e sábados de xullo e agosto**

Xoves — inglés

Venres — galego/castelán

Sábado — galego/castelán

11.30 h | Con entrada



Novas visitas comentadas de carácter exclusivo para coñecer os espazos máis restrinxidos e menos accesibles ao público da Cidade da Cultura de Galicia. Un plan diferente e irresistible para coñecer novos recunchos da arquitectura, da historia e das zonas verdes da Cidade da Cultura de Galicia, un dos exemplos máis sorprendentes da arquitectura contemporánea.

Deste xeito, estas visitas especiais permiten coñecer a fondo, da man dun dos guías da Cidade da Cultura, a historia e as claves da Cidade da Cultura e en concreto a descuberta das sobrecubertas dos edificios, os túneles subterráneos e os fondos bibliográficos.



---

Actividades

---

## Obradoiros de cestería en *Pensar coas mans*

**22 e 23 de xuño e 29 e 30 de xuño**

12 e 17 h

Museo Centro Gaiás (Andar 1)

Con inscrición

Colabora: Fundación de Artesanía de Galicia, Secretaría Xeral de Igualdade



O Museo Gaiás transfórmase nun grande obradoiro, onde poder ir ver e aprender técnicas de artesanía con mestras e mestres destes oficios. Desde a inauguración de *Pensar coas mans. Cestería, cerámica e xoiería de Galicia* estanse a ofrecer demostracións artesanais, charlas ou diversas actividades vencelladas coa práctica destes oficios e pensadas para toda a familia.

Procúrase que supoña un xeito efectivo de achegarlles ás novas xeracións como se conservan e se innovan técnicas de elaboración artesá milenarias para crear pezas, que hoxe son tendencia na moda e no deseño actual e contemporáneo.

## Campamentos urbanos para *Pensar coas mans* e *Valor e mestría*

**Do 8 ao 19 de xullo**

Actividades para a cativada ao redor da artesanía

Con entrada



Actividade novidosa na programación de *Verán no Gaiás* que responde a unha demanda de oferta para a cativada que permita conciliar en época non lectiva. Á vez, dá resposta a esas familias que queren proxectos que non se baseen no mero entretemento, senón vinculados coa cultura e que estimulen a creatividade.

Deste xeito, na primeira quincena de xullo e ao redor das dúas exposicións do Museo Centro Gaiás (*Pensar coas mans. Cestería, cerámica e xoiería de Galicia* e *Valor e mestría. Galicia como fútbol*) ofreceranse actividades e obradoiros nos que afondar na artesanía galega e tamén no fútbol galego, sempre desde unha perspectiva máis global que enriqueza o coñecemento da cativada, cunha alta dose de diversión e aprendizaxe.

## Actividades

## Serán'02. II Encontro de cultura popular: Bandas de música

**28, 29 e 30 de xuño**

Cidade da Cultura

Entrada libre e de balde

Colabora: Federación Galega de Bandas de Música Populares, Agadic, Gadis



As bandas de música serán as grandes protagonistas do *Serán'02. II Encontro Galego de Cultura Popular: Bandas de Música*. O evento, promovido pola Xunta de Galicia para impulsar e pór de relevo a cultura galega de base, volve á Cidade da Cultura de Galicia tras o éxito da súa primeira entrega, que dedicada ao baile e á música tradicional congregou no Gaiás máis de 7.000 persoas.

Baixo a dirección artística de Quique Peón, o *Serán'02* contará con cincocentos intérpretes e incluírá concertos de bandas galegas, así como de agrupacións infantís. Talleres para a cativada, *master classes*, obradoiros de baile, conferencias, e un gran baile na Praza Central do Gaiás completarán o programa desta nova entrega que se desenvolverá en distintos espazos do complexo, incluíndo o Auditorio ao aire libre do Xardín do Teatro.



## Actividades

## Atardecer no Gaiás

**20 concertos ao aire libre a ao solpor os xoves, venres e sábados do 4 de xullo ao 17 de agosto (excepto xoves 25 de xullo)**

21 horas | Praza central | Entrada de balde

Colabora: INAEM

Patrocina: Cervezas Alhambra



*Atardecer no Gaiás 2018* contará con 20 bandas e artistas para pórllle a banda sonora aos solpores do verán. Este ciclo de concertos ao aire libre e ao caer o sol é unha das citas consolidadas da época estival. O seu cartel sempre xera expectación para estar ao día da actualidade musical tanto a nivel internacional como galega, que conta cun peso relevante e de estilos variados.

Deste xeito, procúrase promover o traballo de excepcional calidade que se está a facer en Galicia no eido da música, con artistas como as galegas De Vacas, coas súas divertidas e corrosivas versións, ou Agoraphobia, que contan cun recoñecemento unánime pola crítica especializada e que fai que nos últimos anos estean nos carteis de festivais de toda España.

Non esquece este ciclo traer á Praza Central do Gaiás artistas do eido nacional que tamén están a triunfar, como é o caso de Cecilia Krull, que abrirá o ciclo. O jazz desta madrileña valeulle ter acadado 'Discos de Ouro' en Francia e 'Platino' en Italia, onde os seus temas teñen estado liderando as listas das súas emisoras.

No eido internacional, salientar a asistencia en *Atardecer no Gaiás* de Miss Bolivia, cantante arxentina de hip hop e cumbia comprometida con loita feminista, que tamén traslada ás súas letras.

Unha escolma, a desta edición, que volve, confirmar a aposta do ciclo polas voces femininas, como son as potentes Kumbia Queens da Arxentina, e tamén por xéneros emerxentes con éxito entre a xeracións máis novas, como o trap ou a cumbia (Kumbia Boruka). Neste cartel non se esquecen estilos xa imprescindibles neste ciclo ao solpor como son o indie (Floridablanca ou Monterrosa) o pop ou o rock, no que sempre hai unha fiestra aberta para grupos galegos emerxentes, como os lucenses Berta Franklin ou os composteláns Malraio.

### Programa

|                                |                                |
|--------------------------------|--------------------------------|
| X 4 xul: Cecilia Krull         | X 1 ago: Apartamentos Acapulco |
| V 5 xul: Kumbia Boruka         | V 2 ago: Malraio               |
| S 6 xul: Laura Lamontagne      | S 3 ago: Monterrosa            |
| X 11 xul: Labaq                | X 8 ago: Agoraphobia           |
| V 12 xul: Europejska Orkiestra | V 9 ago: Kumbia Queens         |
| S 13 xul: Soulmacklein         | S 10 ago: Las Migas            |
| X 18 xul: Miss Bolivia         | X 15 ago: Marinah              |
| V 19 xul: Ladilla Rusa         | V 16 ago: De Vacas             |
| S 20 xul: Betacam              | S 17 ago: Best Boy             |
| V 26 xul: Floridablanca        |                                |
| S 27 xul: Berta Franklin       |                                |



---

Actividades

---

## Marker Faire Galicia

**Do 3 ao 7 de xullo**

Feira de inventores e creadores

Museo Gaiás e Edificio CINC

Organiza: Vermis Lab

Colabora: Fundación Cidade da Cultura e Concello de Santiago

## Camiño ao Gaiás

Andainas diúrnas

**4 e 18 de xullo, 8 e 22 de agosto e 5 e 12 de setembro**

De 19 a 20 h

Andainas nocturnas

**11 de xullo e 1 de agosto**

De 22.30 a 00 h

De balde con inscrición

Colabora: Fundación USC Deportiva



A Cidade da Cultura de Galicia acolle a quinta edición da *Maker Faire Galicia*, que volve ao Gaiás enmarcada na programación do seu Centro de Emprendemento Creativo e con dúas novidades: celébrase a principios do verán e, debido ao éxito das anteriores edicións, pasa de 3 a 5 días de duración, ampliando as xornadas profesionais de unha a tres.

A *Maker Faire* é un escaparate para a creatividade e o enxeño, pensado para todos públicos e disciplinas: gastronomía, robótica, mecánica, ciencia, arte urbana, música, electrónica, artesanía... un lugar, en definitiva, para compartir coñecemento, descubrir proxectos fascinantes e facer contactos profesionais.



Unha nova forma de achegarse ao Gaiás e á propia cidade de Santiago de Compostela. Deste xeito, ofréceselles aos e ás visitantes novas rutas para chegar a pé ao complexo deseñado por Peter Eisenman, poñendo en valor a fermosa contorna natural e patrimonial que leva ata a Cidade da Cultura, permitindo descubrir algunhas das xoias arquitectónicas de Compostela, xa que se parte do centro histórico.

Para rematar, todas as persoas que o desexen, poden acabar bailando na Praza Central do Gaiás ao son das suxestivas propostas dos concertos de *Atardecer no Gaiás*.

Cóntase de novo coa ruta nocturna desde o Punto On da Cidade da Cultura ás 22.30 horas, unha vez espertado o ánimo cos ritmos de *Atardecer no Gaiás*.

---

---

Actividades

---

## Unha noite no Bosque

**5, 12, 19 e 26 de xullo**

Acampadas para a cativada (de 10 a 13 anos)

Con entrada

Patrocina: Viaqua



Acampada no Bosque de Galicia para a cativada e con monitores para coñecer a flora e a fauna (sobre todo especies de paxaros) deste espazo natural.

Ademais, aprovéitase esta actividade para que os máis novos se acheguen á arquitectura e complexo da Cidade da Cultura deseñado polo prestixioso arquitecto Peter Eisenman. Como colofón, rematan esta noite máxica á luz das estrelas, contando relatos e lendas mitolóxicas.

A cativada só ten que preparar o saco de durmir, pixama e cepillo de dentes e vir dispostos a gozar desta divertida aventura.

## Astronómicas

**6, 12, 20 e 27 de xullo | 3, 9, 10, 24 e 31 de agosto | 7 de setembro**

Coñecer o ceo nocturno desde o Gaiás

De balde con inscrición

Colaboración: Observatorio Astronómico Ramón Aller

\*En caso de que as condicións meteorolóxicas non sexan favorables, a sesión celebrarase no auditorio Xosé Neira Vilas da Biblioteca e Arquivo de Galicia.



Descubrir a maxia das estrelas e as noites de Compostela na Cidade da Cultura. O complexo do Gaiás acolle as sesións de observacións astronómicas, nas que poder gozar das estrelas e da arquitectura do complexo a un mesmo tempo. A través de telescopios e prismáticos, e seguindo as explicacións técnicas de monitores, obsérvase a lúa, planetas, estrelas dobres, nebulosas...

Ademais, coa axuda dun planisferio, apréndese a identificar as constelacións á primeira ollada. Nesta edición, cada unha das visitas astronómicas terá un carácter temático. Así, haberá unha dedicada aos planetas, outra a lúa ou a constelacións determinadas.

---

Actividades

---

## IV Festival de Bandas infantís e xuvenís de Galicia

**14 de xullo**

De 11 a 20 horas

Museo Centro Gaiás

Organiza: Federación Galega de Bandas de Música en colaboración coa Consellería de Cultura e Turismo  
Colabora: Agadic



A Cidade da Cultura acolle a cuarta edición do *Festival de Bandas Infantís e Xuvenís de Galicia*, no que as formacións participantes interpretarán durante vinte minutos o repertorio elixido para a ocasión. O Festival remata sempre cunha actuación conxunta de todas as agrupacións, que interpretarán na praza central o Himno Galego.

O *Festival de Bandas Infantís e Xuvenís de Galicia* busca dar a coñecer o traballo que fan as formacións máis novas das bandas de música galegas ao tempo que se fomenta unha xornada de convivencia entre os seus compoñentes, provenientes de toda a xeografía galega e co nexo común do seu amor pola música.



---

Actividades

---

## Plástico a mareas

**Ata o 18 de agosto**

Intervención artística de María José Arceo nas Torres Hejduk  
Entrada libre e de balde

Patrocina: Viaqua



A partir de refugallos de plástico recollidos na costa galega, María José Arceo recrea nas Torres Hejduk unha experiencia de percepción multisensorial, de carácter inmersivo, coa intención de provocar fisicamente os e as asistentes; transportalos ao mesmo fondo do océano e, desa maneira, proporcionarlles a oportunidade de visualizar e percibir a través de cheiros, sons e luces, os problemas que a presenza de plásticos xera na auga e conseguir, á vez, estimular e espertar hábitos de consumo responsable.

*Plástico a mareas* alerta da enorme cantidade de plástico que se consume e do grave risco que supón isto para os fondos mariños e praias, onde chega moito lixo procedente dos ríos. De aí, que a instalación estea realizada con refugallos deste material recollidos no litoral galego e tamén no río Sar, ao seu paso por Santiago de Compostela, cidade natal da artista. A intervención ten ademais unha dimensión colectiva, xa que incorpora plásticos das limpezaas realizadas no litoral galego por persoas anónimas. Deste xeito, a artista pon en valor a aportación desinteresada da cidadanía na mellora do medio natural.

## As Nocturnas

**Agosto e setembro**

Visitas comentadas á noite con música e petiscos  
21 horas | Museo Centro Gaiás  
Con entrada



Vivir unhas noites de venres diferentes e no Museo Gaiás. Sesión DJ, aperitivo e viño para gozar dunha experiencia distinta con visitas comentadas á exposición *Pensar coas mans. Cestería, cerámica e xoiería de Galicia*.

Unhas noites de verán distendidas que combinan arte e conversas pausadas con boa música e petiscos variados.

---

---

Actividades

---

## Cidade Imaxinaria verán

**24 de agosto**

Praza central. De 16 a 20 horas.

Entrada libre e de balde



A Cidade da Cultura convida a viaxar a mundos soñados, personaxes incríveis e formas imposibles nunha nova edición do festival *Cidade Imaxinaria*, toda unha tarde de sábado en familia ao aire libre con espectáculos, xogos e obradoiros que enchen de maxia e ilusión todos os recunchos do Gaiás e que contaxian a pequenos e pequenas, e os/as que nunca deixan de selo.

Catro horas ininterrompidas de diversión nas que se conta con espazos para o lecer e tamén con postos de comida e bebida, para repor enerxía para a festa rachada e familiar que se ten argallada.

---

## Actividades

## Encontro de Artistas Novos (EAN)

**Do 25 ao 29 de agosto**Residencia de artistas emerxentes  
Museo Centro Gaiás

Colabora: Fundación Banco Sabadell

Programación Xacobeo 2021



## Stay Here

**Do 29 de agosto ao 15 de decembro**Instalación artística de Alejandro Ginés  
Torres Hejduk


Patrocina: Viaqua



A Cidade da Cultura de Galicia converterase por noveno ano consecutivo nun espazo de encontro no que creadores emerxentes terán a oportunidade de dar a coñecer os seus traballos e debater ao redor da arte contemporánea durante catro días de convivencia e intercambio de coñecementos e ideas con outros axentes culturais. Será no *IX Encontro de Artistas Novos (#EAN9)*, coordinado por Rafael Doctor.

O EAN busca favorecer a convivencia entre artistas emerxentes galegos e procedentes doutros lugares, ademais de poñer en contacto aos participantes con outros axentes do sector como críticos, comisarios ou xornalistas. Unha edición máis, o EAN traerá ao Gaiás artistas e creadores xa consolidados como Pilar Albarracín, as irmás Lua e Bandía Ribeiro e Nicolás Combarro para compartir as súas experiencias e reflexións ao redor da arte.

A convocatoria artística do *IX EAN* esta incorporada á programación do Xacobeo 21, xa que parte dos proxectos presentados profundan na relación entre Cidade da Cultura e o Camiño de Santiago. Tirando proveito da localización das Torres de Hejduk (protagonista do Concurso de Intervencións artísticas que se fai cada edición) no cumio da faldra de Sar e co vencello visual directo co Camiño da prata e coa catedral de Santiago.



Intervención artística do sevillano Alejandro Ginés, quen resultou gañador da *VI Concurso de Intervencións Artísticas nas Torres Hejduk*, convocado entre os e as participantes do *Encontro de Artistas Novos (EAN) 2018*.

Trátase dunha peza escultórica, a modo de torre coroada por unha cadeira pregada, que converte as edificacións ideadas por John Hejduk —e construídas por Peter Eisenman no Gaiás a modo de homenaxe— nunha especie de enxeñosa matrioska, que convida á participación de quen a ve, tanto no seu posible manexo como nas súas múltiples lecturas.

*Stay here* levarase a cabo na Torre Hejduk de cristal, mentres que na opaca estará exposta, sobre unha base alzada, a maqueta da obra a escala 1:10. O xurado valorou á hora de elixir este proxecto a presenza do cinético e o cotián para suxerir novas olladas e evocacións por parte de Alejandro Ginés. Precisamente, o funcionamento cinético da peza describe a súa natureza. Deste xeito, a partir del pódense facer múltiples lecturas que, segundo explica o seu autor, gardan un paralelismo co comportamento da sociedade.



---

Exposicións no Museo Centro Gaiás

---

## Valor e mestría. Galicia como fútbol

**Exposición ata o 1 de setembro**

Museo Centro Gaiás (Andar 2)

Entrada de balde con visitas comentadas

Colabora: Federación Galega de Fútbol e LaLiga Santander

---



Trátase da exposición máis ambiciosa sobre o fenómeno do fútbol na nosa comunidade, tanto en percorrido histórico como en número de pezas: 300, das cales 200 son orixinais. A mostra arranca en 1876, ano no que se data a primeira referencia o xogo do *foot-ball* en Galicia —e que algúns historiadores consideran que tamén en España— ata o gol do celtista Iago Aspas no recente Mundial de Rusia.

Ao longo destes 143 anos o fútbol galego foi protagonista en numerosos momentos estelares. Así, a escolma de pezas desta exposición devólvenos as xestas de equipos como o Racing subcampión da Copa de España, o Pontevedra do *Hai que roelo*, o *Súper Dépor* ou do Celta que brillou en Europa; de adestradores como Moncho Encinas, Arsenio Iglesias ou Carriega; e de xogadores como os olímpicos galegos de 1920, Luís Suárez, Amancio, Marcelino, Fran, Borja Oubiña, Iago Aspas, Lucas Vázquez ou Lucas Pérez; ou da nosa futbolista máis internacional, Verónica Boquete, o nome máis representativo da explosión que está a vivir o fútbol feminino galego e que tivo á porteira Irene como pioneira a principios do século pasado.

---

---

Exposicións no Museo Centro Gaiás

---

## Pensar coas mans. Cestería, cerámica e xoiería de Galicia

**Exposición ata o 8 de setembro**

Museo Centro Gaiás (Andar 1)

Entrada de balde con visitas comentadas

Organiza: Fundación Cidade da Cultura de Galicia

Colabora: Fundación Artesanía de Galicia e Secretaría Xeral de Igualdade

---



Esta exposición dirixe o foco cara a estas tres especialidades, nunha viaxe desde o século XXI á Idade de Ferro. Comisariada por Verónica Santos, a mostra ofrece unha visión renovada da artesanía, non só como gardiá de oficios en perigo de desaparecer, senón formulando unha idea de futuro que fala da beleza dos materiais naturais e da capacidade dos obxectos para expresar a nosa identidade.

Para exhibir as pezas, Izaskun Chinchilla, recoñecida arquitecta polo seu compromiso coa sustentabilidade, deseñou catro cúpulas xigantes, inspiradas no pensamento de John Ruskin, un dos defensores históricos da artesanía no movemento arts&crafts.

---



---

Exposicións no Museo Centro Gaiás

---

## Proxecto Terra. Expo Activa Ludantia

**Do 12 de setembro ao 15 de decembro**

Mostra interactiva e de enxeño para a cativada

Museo Centro Gaiás



Un grande espazo de xogo sobre arquitectura pensado para a cativada. Trátanse de xogos de construción de carácter xeométrico, que supoñen unha experiencia de enxeño moi amena tamén para os adultos acompañantes.

Coma se dun gran xoguete se tratase, a exposición trata de estimular a imaxinación dos visitantes, para que a fagan súa, apropiándose das ferramentas e espazos dispostos, sen tentar darlle un final ao xogo, senón múltiples continuacións.





## Intervencións artísticas

## Reb/veladas na paisaxe

Do 19 de setembro de 2019 ao 5 de xaneiro de 2020

Intervencións artísticas nos espazos naturais do Gaiás

Programación Xacobeo 2021



Imaxes da edición 'Reb/veladas na paisaxe de 2018


Segunda edición deste ciclo de intervencións artísticas na paisaxe da Cidade da Cultura e que ten como marca de identidade a cuestión de xénero, xa que todas as comisarias dos proxectos son mulleres.

Nesta ocasión, as intervencións artísticas estarán situadas ao redor do Xardín Literario e na faldra do Bosque de Galicia cara ao barrio e calzada de Sar.

Estas intervencións forman parte da programación do Xacobeo 21 xa que *Reb/veladas na paisaxe* 2019 explora a relación do Gaiás co Camiño de Santiago a través da chegada da vía da prata pola calzada do Sar. Neste contexto, as tres intervencións propostas para esta nova edición, localizadas na ladeira Oeste do Bosque de Galicia, buscan o diálogo físico e visual co Camiño de Santiago, a catedral e a Cidade histórica de Compostela, meta e destino da peregrinación.

### Comisarias e artistas:

Monserrat Pis Marcos | Clara Montoya  
Sara Donoso | Pablo Barreiro  
Paula Cabaleiro | Alicia Framis









Xacobeo 2021



FUNDACIÓN  
CIDADE  
DA CULTURA  
DE GALICIA



XUNTA  
DE GALICIA

FONDO GAIÁS DA EMPRESA GALEGA

//ABANCA

//Afundación

INDITEX

INVERAVANTE

gasNatural  
fenosa

Fundación Barrié

<sup>8</sup>Sabadell

COREN

Campo

GADIS

GRUPO  
NOSA  
TERRA 21

Acillero  
BARRERAS  
VIGGO

R

MONBUS